

Día da Visibilidade Lésbica



O día 26 de Abril seguimos reivindicando un ano máis, o Día da Visibilidade Lésbica, unha data para seguir avanzando na loita pola igualdade de dereitos e oportunidades, aceptación social e seguridade en todo o mundo para as mulleres lesbianas.

Falar de visibilidade é falar de liberdade e é fundamental como ferramenta na loita dos dereitos das mulleres lesbianas e a diversidade sexual das mulleres para gozar do seu desenvolvemento persoal e social, contribuíndo á súa normalización, sobre todo en espazos públicos.

O colectivo LGTBI+ remarca a importancia de eliminar a dobre discriminación que sofren as mulleres lesbianas, primeiro polo seu xénero e segundo pola súa orientación sexual, segundo denuncia a propia Organización das Nacións Unidas (ONU) que sinala que actualmente as lesbianas soportan os prexuízos e estereotipos discriminatorios ocasionados por unha sociedade que fomentan comportamentos violentos contra elas.

Na **sociedade heteropatriarcal** na que vivimos se considera que a vida sexo-afectiva da xente só é pública cando é heterosexual, mentres ás persoas do colectivo LGTBI+ con orientacións sexuais ou identidades de xénero diferentes pídeselles que se escondan. Iso implica unha discriminación, esconder o que es, o que sentes, o que amas, quen es, polo tanto é violencia e implica unha discriminación e unha mensaxe implícita, ti non es normal.

O Día da Visibilidade Lésbica é un día moi relevante, tanto para o movemento LGTB+ como para o movemento feminista. Pon de manifesto a necesidade de contar con mulleres lesbianas referentes en todos os ámbitos da vida. É imprescindible normalizar a súa presenza

na sociedade, a política, a cultura ou o mundo laboral para as novas xeracións.

No ámbito educativo pedimos ás Administracións Públicas que leven a cabo medidas orientadas á educación na diversidade sexual e de xénero. Faise necesario cortar desde a raíz os prexuízos culturais que desde a infancia se veñen transmitindo ano tras ano, provocando graves casos de ataques e acoso nas aulas, que levaron a moitas persoas adolescentes mesmo ao límite do suicidio. Non podemos consentir que estes feitos sigan ocorrendo ante a indiferenza das institucións públicas e a sociedade.

Finalmente, non podemos esquecer a situación das mulleres lesbianas que viven en países onde a homosexualidade segue sendo un delito, e onde as mulleres sofren especialmente unha dobre discriminación, por ser muller, e por ser muller lesbiana. Países onde aínda a unha muller a poden encarcerar pola súa orientación sexual e a poden maltratar e violar. Desde países onde conseguimos seguridade xurídica estamos obrigadas a reclamar aos nosos políticos e ás institucións internacionais que tomen as medidas necesarias para defender a integridade física e moral de todas esas mulleres.

Un dos temas máis importantes a tratar neste día é o dereito que deben ter todas as mulleres a ser nais e a poñer fin á discriminación no acceso aos tratamentos de reprodución asistida a través da sanidade pública. O acceso á saúde e aos seus dereitos reprodutivos en moitos lugares aínda se lles nega, tamén o acceso a tratamentos de fertilidade, atención obstétrica e a outros servizos de saúde específicos para mulleres.

Por todo iso, un ano máis, desde o **STEG**, no Día da Visibilidade Lésbica queremos insistir na necesidade de políticas activas que favorezan a integración, fomenten a educación na diversidade e erradiquen toda discriminación, como cidadás de pleno, nunha sociedade democrática e moderna como é a nosa, sen medos, sen escusas, con visibilidade polo teu dereito para ser feliz.